



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/12/2020 12:35:12


SAIDA 16582/20




Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 124/2020**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por  mediante escrito do 16 de novembro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 22 de decembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 16 de novembro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Laracha ao expediente tramitado por ese Concello para decidir sobre a prohibición de paso de vehículos de mais de cinco metros na rúa da Praia s/n, praia de Caión, A Laracha.

O reclamante indicaba que ten interese en coñecer as circunstancias concretas que o citado Concello tomara en consideración á hora de limitar o tráfico rodado aos vehículos de máis de 5 metros de lonxitude nunha estrada na que sempre se permitiu o acceso (xa que as súas características técnicas permíteno, sen xerar atascos ou problemas de circulación). En particular solicitou información sobre as razóns técnicas e/ou xurídicas que fundamentan e amparan a prohibición e copia dos preceptivos informes técnicos e xurídicos que emitisen os/as responsables municipais con carácter previo á colocación do citado sinal, sen obter resposta.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 23 de novembro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Laracha para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 25 de novembro de 2020.

Terceiro. Con data do 10 de decembro de 2020, o Concello da Laracha contesta a petición remitindo copia do expediente instruído e informe da Policía Local do Concello da Laracha.

Neste informe da Policía Local se fai referencia a que no ano 2016, no aparcamento da marxe esquerda da baixada á Praia das Salseiras unha autocaravana por unha urxencia familiar necesitaba saír do aparcamento e non dispoñía de marxe de manobra, e no ano 2017 produciuse un incendio forestal no monte situado o carón do lugar do Campo da Costa, non tendo por onde acceder o camión contra incendios, debido ó estacionamento de vehículos a ambos marxes da vía, considera necesario adoptar medidas na anchura da vía e delimitar as zonas de estacionamento.

Considera o informe que a día de hoxe a sinalización colocada na entrada dos aparcamentos para garantir a seguridade dos usuarios non produce os efectos desexados e a dita sinalización pode considerarse discriminatoria pois só indica a prohibición de estacionar a caravanas e autocaravanas e existen outros vehículos longos que teñen moita dificultade de manobra, e obsérvase que o circuíto colocado na estrada da praia para facilitar a circulación dos vehículos, provoca serios problemas de manobra e conflitos entre condutores e veciños.

Así mesmo, para garantir a seguridade dos usuarios da praia e dos veciños, cómpre dar máis ancho á estrada da praia para garantir a circulación en ambos sentidos e limitar o acceso a vehículos de mais de cinco metros na estrada da praia, colocando sinais R-203 en ambas entradas e reubicar os vehículos con maiores dimensións noutro aparcamento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se

toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, o interesado presentou a súa solicitude con data do 7 de xullo de 2020, sen térselle notificada resolución expresa, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou do Concello da Laracha, acceso ao expediente tramitado para decidir sobre a prohibición de paso de vehículos de máis de cinco metros por unha rúa do Concello coa finalidade de coñecer as razóns técnicas e/ou xurídicas que fundamentaron e ampararon a prohibición, para o que solicitou copia dos informes técnicos e xurídicos que se tivesen emitidos.

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

O Concello da Laracha remitiu unicamente un informe da Policía Local, no que se expoñen dous feitos producidos nos anos 2016 e 2017, que parece que motivaron a adopción da prohibición de circular e estacionar a determinados vehículos pola referida vía, poñendo de manifesto o dito informe, que as medidas adoptadas non dan solución ao problema de aparcamento.

Na documentación remitida polo Concello, non consta que ao interesado se lle remitise información algunha, nin se lle dera acceso ao expediente solicitado, descoñecendo por esta Comisión si o expediente esta formado unicamente polo informe da Policía Local de 9 de decembro de 2020, ou o conforma outra documentación.

No marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información pública, debe concederse o acceso á mesma previa aplicación se procede, dos límites establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, agás que conorra causa de inadmisión das establecidas no artigo 18 da mesma Lei e se xustifique adecuadamente no expediente.

De acordo co anterior, procede que por parte do Concello se resolva expresamente sobre a solicitude de acceso, remitindo copia do informe da Policía Local ao interesado e, de existir, se lle dea copia ou acceso a calquera outra documentación que figure no expediente, dado que o solicitado é información pública á que o interesado ten dereito de acceso.

Debe lembrarse ao Concello da Laracha que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaición de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 16 de novembro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Laracha ao expediente tramitado por ese Concello

para decidir sobre a prohibición de paso de vehículos de máis de cinco metros na rúa da Praia s/n, praia de Caión.

Segundo: Instar ao Concello da Laracha, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello da Laracha, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.12.23 08:46:19 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.